

IES MARCO DO CABBALLÓN

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 4º ESO

## E.F

CURSO 2022-2023

# ÍNDICE

1- Introducción e contextualización-----	páx 3
2- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave-----	páx 4
3- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de : Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación-	páx 22
Actividades para cada estándar de aprendizaxe avaliable (programación de aula)	páx 34
4- Concrecións metodolóxicas que require a materia-----	páx 38
5- Materiais e recursos didácticos-----	páx 39
6- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado-----	páx 41
7- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente-----	páx 47
8- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentess-----	páx 50
9- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados-----	páx 50
10- Medidas de atención á diversidade-----	páx 52
11- Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso-----	páx 57
12- Actividades complementarias e extraescolares programadas para 1º eso-----	páx 57
13- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora-----	páx 58
14- Protocolo Covid 19 do departamento de E.F -----	páx 66
15- Adaptacións da programación a posibles confinamentos semipresencial ou total --	páx 67

## 2-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### CONTEXTO SOCIO ECONÓMICO DO IES MARCO DO CAMBALLÓN

O IES Marco do Camballón é un instituto situado no concello Vila de Cruces na provincia de Pontevedra. O centro ofrece ensinanzas de ESO, Bacharelato, FP básica 1º e 2º de administrativo, o ciclo formativo de grao medio de técnico de atención a persoas en situación de dependencia e o Ciclo formativo de grao medio de soldadura e caldeiraría. A procedencia do alumnado é moi variada, xa que aos alumnos da vila hai que engadirlle un gran número de rapaces e rapazas das moitas parroquias do concello. En canto ao nivel económico, a zona non presenta grandes desigualdades, cuestión que se transmite ao funcionamento do centro, xa que esta característica actúa como elemento homoxeneizador do alumnado.

O idioma predominante no noso instituto e no contorno do centro é o galego nun 80%. O número de repetidores é baixo 5%. O departamento de E.F contribúe a este baixo número de repetidores/as porque só a un 1% do alumnado lle quedou a nosa materia.

No noso departamento impártense as materias en tres linguas; galego, castelán e inglés.

- 1º ESO Non Bilingüe: galego / 1º ESO Bilingüe: inglés-galego
- 2º ESO Non Bilingüe: galego / 2º ESO Bilingüe: inglés-galego
- 3º ESO Non Bilingüe: galego / 3º ESO Bilingüe: inglés-galego
- 4º ESO Non Bilingüe: galego
- 1º BAC Non Bilingüe: castelá

Os grupos bilingües e non bilingües están repartidos ó 50% do número total de alumnos/as do curso.

Contamos cunha profesora asignada ao departamento, que asumirá a xefatura do departamento e impartirá clases en todos os cursos onde estea presente a materia de E.F

A importancia da educación física na formación do alumnado fundaméntase entre outras cousas no feito de que a promoción da saúde, da hixiene e da condición física favorece a autoestima, ó mellora-la propia imaxe corporal. O coñecemento, dominio e participación nas distintas actividades físicas, xa sexan de tipo expresivo, estético e comunicativo, de tipo lúdico ou de tipo deportivo propician o desenvolvemento persoal, a ocupación do tempo libre, a liberación das tensións, etc, contribuíndo a paliar as actitudes sedentarias características das sociedades postindustriais. A práctica regular de actividades físicas, individuais e colectivas, adaptadas ás posibilidades e gustos persoais das alumnas e dos alumnos, facilita a consolidación de actitudes de interese, goce, respecto, solidariedade e cooperación, favorecendo a progresiva acción do alumnado no seu entorno. A participación en actividades baseadas nas composicións corporais constrúe unha vía máis para potencia-las posibilidades de expresión e comunicación dos alumnos e das alumnas, así como para profundar no coñecemento dos aspectos culturais autóctonos como son as danzas e xogos populares.

Todos estes parámetros configuran unha visión da Educación Física como unha materia que favorece o desenvolvemento persoal e a consolidación da madurez persoal, social e moral dos alumnos e das alumnas desta Etapa, contribuíndo así á consecución dos obxectivos xerais da E.S.O.

## **2-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A LOMCE, fixa as sete competencias clave que o alumnado deberá desenvolver:

- Comunicación Lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Son, aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio.

A área de Educación física contribúe esencialmente a desenvolver a competencia en:

### **1. 1-COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS:**

-Grazas ao contorno no que se desenvolve a dinámica das clases, fana propicia para a educación de habilidades sociais.

-As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación e a solidariedade

-Grazas á elaboración e aceptación das regras para o funcionamento colectivo, desde o respecto á autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade.

-A adquisición das habilidades motrices requiren a capacidade de asumir as diferenzas así como as posibilidades e limitacións propias e alleas.

-O cumprimento das normas que rexen os xogos colabora na aceptación de códigos de conduta para a convivencia.

-As actividades físicas competitivas poden xerar conflitos nos que é necesaria a negociación, baseada no diálogo, como medio para a súa resolución.

-Contribúese a coñecer a riqueza cultural, a través da práctica de diferentes xogos e danzas.

### **1.2-COMPETENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS.**

-A expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa contribúe mediante a exploración e a utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento.

-A apreciación e comprensión do feito cultural, e a valoración da súa diversidade, faino mediante o recoñecemento á apreciación das manifestacións culturais específicas da motricida-

de humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

-Favorece a un acercamento do fenómeno deportivo como espectáculo mediante a análise e a reflexión crítica ante a violencia no deporte ou outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

### **1.3-SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR**

-Na medida na que empra a ao alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe manifestar autosuperación, perseveranza e actitude positiva.

-O dar protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva das actividades físicas, deportivas e expresivas.

### **1.4-COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

-O coñecemento de si mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida da aprendizaxe motora desenvolvendo un repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices mais complexas. Isto permite o establecemento de metas alcanzables cuxa consecución xera autoconfianza.

-Ao mesmo tempo, os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan adquirir recursos de cooperación.

### **1.5-COMPETENCIA DIXITAL**

-Mediante a valoración crítica das mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal.

### **1.6-COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA,**

-Ao ofrecer gran variedade de intercambios comunicativos do uso das normas que os rexon e do vocabulario específico da área.

### **1.7-COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA**

-A utilización para a resolución de problemas nas situacións cotiás propias da nosa materia.

- Podemos desenvolvela, realizando e analizando cálculos; utilizando números; interpretando informacións, datos e argumentacións; realizando razoamentos de lóxica matemática sobre orde, secuencias, cantidades ou outras nocións matemáticas).

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>  <b>Bloque 1 . Contidos comúns en Educación Física</b>	<b>Competencias</b>  <b>Clave</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilzalos na súa práctica de maneira autónoma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

▪ EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	▪ CSIEE
▪ EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.	▪ CSIEE
▪ EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.	▪ CSIEE
▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.	▪ CSC
▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	▪ CSC
▪ EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	▪ CD ▪ CCL
▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	▪ CD ▪ CCL
▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	▪ CD ▪ CCL
<b>Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas</b>	
▪ EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	▪ CCEC
▪ EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	▪ CCEC
▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	▪ CCEC
<b>Bloque 3. Actividades física e saúde</b>	
▪ EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as activi-	▪ CMCCT



dades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	
▪ EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.	▪ CMCCT
▪ EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	▪ CMCCT
▪ EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	▪ CMCCT
▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	▪ CMCCT
▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	▪ CMCCT
▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	▪ CMCCT
▪ EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.	▪ CMCCT
<b>Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas</b>	
▪ EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de	▪ CAA

cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

### **Táboa do perfil competencial da área en 4º ESO**

*Ter en con- ta que polo ca- rác- ter	<b>ESTÁNDARES TOTAIS: 40</b>		<b>%</b>
	<b>COMPETEN- CIAS</b>	<b>Número de estándares nos que se traballa cada competencia</b>	
	<b>CCL</b>	2	5 %
	<b>CMCCT</b>	6	15%
	<b>CD</b>	1	2'5 %
	<b>AA</b>	7	17'5 %
	<b>CSC</b>	9	22'5%
	<b>SIEE</b>	11	27'5%
	<b>CEC</b>	4	10 %

práctico-social da nosa materia e por todo o explicado anteriormente, temos que concluir que a competencia aprender a aprender (CAA) e as competencias sociais e cívicas (CSC) son as máis traballadas, logo podiamos dicir que as seguen o sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC). As competencias que ocuparían os últimos postos na nosa materia serían comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) e a competencia dixital (CD) .

## **RÚBRICAS PARA AVALIAR AS COMPETENCIAS**

### **ASPECTOS VINCULADOS ÁS COMPETENCIAS (ou destrezas)**

#### **1-Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

- Expresión oral (EO)
- Expresión escrita (EE)
- Comprensión oral (CO)
- Comprensión escrita (CE)

## **2-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)**

- Resolución de problemas (RP)
- Adaptación (AD)
- Autoavaliación (AT)
- Creatividade (C)

## **3-Competencias sociais e cívicas (CSC)**

- Dereitos humanos (DH)
- Tolerancia e solidariedade (TS)
- Igualdade (I)
- Intercultural (IN)

## **4-Competencia dixital (CD)**

- Linguaxe específico dixital (LED)
- Riscos do mundo dixital (RMD)
- Achega da información (BI)
- Utilización dos recursos tecnolóxicos (URH)

## **5-Conciencia e expresións culturais (CEC)**

- Herdanza cultural (HC)
- Manifestacións artístico-cultural (MAC)
- Diversidade cultural (DC)
- Respecto polas obras artísticas e culturais (ROAC)

## **6-Aprender a aprender (AA)**

- Estratexias para a resolución da tarefa (ERT)
- Coñecemento sobre o coñecido e descoñecido (CCD)
- Motivación para aprender (MA)
- Autoeficacia e confianza (AC)

## 7-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

- Aplicación de procesos matemáticos (APM)
- Utilización de ferramentas tecnolóxicas (UFT)
- Valoración coñecemento científico (VCC)
- Investigación científica (IC)

### RÚBRICA 1ª

	Insuficiente (1-4)	Suficiente (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaliente (9-10)	Compet. Clave
Coreografías simples e complexas de danzas variadas-aerobic e técnica das habilidades ximnásticas e acrosport en gran grupo	<p>Deseña e executa con dificultade coreografías simples e complexas con base rítmica o musical, reflectindo un baixo nivel expresivo o creativo.</p> <p>Presenta inhibición e muchas dificultades para aplicar actitudes de tolerancia no proceso.</p> <p>Practica con dificultades os bailes, así como escaso interese na valoración como parte do seu patrimonio cultural e na implicación do seu repertorio. A execución das habilidades ximnásticas no acrosport non é a adecuada</p>	<p>Deseña e executa de maneira elemental coreografías simples e complexas con base rítmica o musical, reflectindo un certo nivel expresivo o creativo.</p> <p>Mostra algo de inhibición e aplica con algo de dificultade actitudes de tolerancia no proceso.</p> <p>Presenta dificultade na práctica dos bailes, así como escaso interese na valoración como parte do seu patrimonio cultural e ampliación do seu repertorio. Realiza con corrección algunha fase das habilidades ximnásticas no acrosport</p>	<p>Deseña e executa de forma adecuada coreografías simples e complexas con base rítmica o musical, reflectindo un certo nivel expresivo o creativo. Mostra desinhibición e aplica case sempre actitudes de tolerancia no proceso.</p> <p>Práctica e valora case sempre os bailes como parte do seu patrimonio cultural e ampliación do seu repertorio. Realiza con corrección varias fases das habilidades ximnásticas no acrosport</p>	<p>Deseña e executa coreografías simples e complexas con base rítmica o musical, reflectindo un alto nivel expresivo o creativo</p> <p>Mostra e aplica de maneira eficiente actitudes de tolerancia no proceso.</p> <p>Práctica e valora de forma correcta os bailes como parte do seu patrimonio cultural e ampliación do seu repertorio. Realiza con corrección todas as fases das habilidades ximnásticas no acrosport</p>	<p><b>CEC</b> -HC -MAC -DC -ROAC</p> <p><b>SIEE</b> -RP -AD -AT -C</p> <p><b>CSC</b> -DH -TS -I -IN</p> <p><b>AA</b> -ERT -CCD -MA -AC</p> <p><b>CMCCT</b> -UFT</p>

### RÚBRICA 2ª

	Insuficiente (1-4)	Suficiente (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaliente (9-10)	Compet.
--	--------------------	------------------	---------------	----------------------	---------

				10)	Clave
Realiza o quece- mento xeral , es- pecífico e a volta á calma de ma- neira autónoma asimilando os seus fundamen- tos, utilidade e beneficios para a saúde	Realiza con axuda o quecemento xeral, específico e a volta á calma, mostrando moitas dificultades na selec- ción e aplicación de actividades para a súa realización	Realiza con axuda o quecemento xeral,específico e a volta á calma, mostrando dificulta- des na selección e aplicación de activi- dades para a súa re- alización	Realiza de forma au- tónoma o quece- mento xeral, espe- cífico e a volta á calma, necesitando algunha axuda, difi- cultades na selec- ción e aplicación de actividades para a súa realización ou na asimilación dos seus fundamentos, utilidade e benefi- cios para a saúde	Realiza de forma autónoma o quece- mento xeral, espe- cífico e a volta á calma, seleccionan- do e aplicando acti- vidades para a súa realización; asimi- lando dos seus fun- damentos, utilida- de e beneficios para a saúde	<b>A.A</b> -ERT -CCD  <b>CMCT</b> -VCC -IC  <b>CD</b> -BI -URH -RMD -LED

### RÚBRICA 3ª

	Insuficiente (1-4)	Suficiente (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaliente (9-10)	Compet. Clave
Adopta hábitos hixiénicos e indu- mentaria correc- ta para a práctica da actividade físi- ca atendendo de forma autónoma a súa hixiene persoal. Adopta hábitos posturais asociados a unha actividade física segura e saudable. Adopta hábi- tos alimentarios saudable	Polo xeral, confunde e obvia a adopción de determinadas condutas hixiénicas. Descoida o uso dunha indumentaria adequada para a práctica da activida- de física e a súa hi- xiene persoal. Polo xeral obvia a ado- pción de medidas e normas para a segu- ridade e a preven- ción de lesións na ac- tividade física saudable e non fai uso dunha correcta acti- tude postural. Non relaciona a impor- tancia entre alimen- tación e consumo responsable e cústa- lle recoñecer a necesi- dade dunha correc- ta hidratación para a actividade física	Identifica e ocasio- nalmente, adopta determinadas con- dutas hixiénicas. Xe- ralmente fai uso dunha indumentaria adequada para a práctica da activida- de física e atende de forma guiada a súa hixiene persoal. Identifica e ocasio- nalmente, adopta determinadas medi- das e normas para a seguridade e pre- vención de lesións na actividade física, utilizando algunha vez unha correcta actitude postural. En ocasións relaciona a importancia entre alimentación e con- sumo responsable, e recoñece a necesida- de dunha correcta hidratación para a actividade física sau- dable	Case sempre usa unha indumentaria adequada para a práctica da activida- de física e atende de forma autónoma a súa hixiene persoal. Identifica e adop- ta frecuentemente determinadas medi- das e normas para a seguridade e pre- vención de lesións na actividade física, utilizando en oca- sións unha correcta actitude postural. Relaciona case sem- pre a importancia entre alimentación e consumo respon- sable, e recoñece a necesidade dunha correcta hidratación para a actividade fí- sica saudable	Recoñece e vincula polo xeral determi- nadas condutas hi- xiénicas e sempre usa unha indumen- taria adecuada para a práctica da activi- dade física e aten- de de forma autó- noma a súa hixiene persoal. Sempre adopta as medidas e normas para a se- guridade e preven- ción de lesións na actividade física, utilizando en unha correcta actitude postural.Relaciona a importancia entre alimentación e con- sumo responsable, e recoñece a necesi- dade dunha co- rrecta hidratación para a actividade fí- sica saudable	<b>AA</b> -ERT -MA -AC  <b>CD</b> -BI -URH  <b>CSC</b> -TS  <b>SIEE</b> -AD -AT -RP

### RÚBRICA 4ª

	Insuficiente (1-4)	Suficiente (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaliente (9-10)	Compet. Clave
--	--------------------	------------------	---------------	----------------------	---------------

Condición física. Mellora as cualidades físicas importantes desde o punto de vista da saúde: resistencia aeróbica, flexibilidade e forza-resistencia. Mostra actitude de solidariedade e cooperación, considerando a competición como unha forma lúdica de autosuperación persoal e de grupo	Realiza as tarefas de valoración da resistencia aeróbica a flexibilidade e a forza con escasa exigencia e mostra baixa motivación pola mellora do seu nivel de condición física. Cústalle aceptar as súas posibilidades e limitacións e recoñecer as dos demais. Non mostra actitudes de tolerancia e deportividade ó cando se lle require	Realiza as tarefas de valoración da resistencia aeróbica a flexibilidade e a forza con algo de exigencia e mostra algo de motivación pola mellora do seu nivel de condición física. Acepta as súas propias posibilidades e limitacións pero cústalle recoñecer as dos demais. En ocasións mostra unha actitude solidaria e cooperativa para conseguir obxectivos comúns pero é necesario recordarllo	Recoñece e executa baixo a supervisión da profesora a valoración da resistencia aeróbica, forza e flexibilidade con motivación. Acepta tanto a súas propias posibilidades e limitacións como as dos demais. Mostra unha actitude solidaria e cooperativa para conseguir obxectivos comúns	Aplica con putas definidas, planes sinxelos de aplicación de métodos e sistemas de adestramento a mellora da resistencia aeróbica, forza e flexibilidade con motivación. Acepta e busca alternativas ás limitacións propias e as dos seus compañeiros/as. Mostra e promove unha actitude solidaria e cooperativa para conseguir obxectivos comúns	<b>CMCT</b> -APM -VCC -UFT -IC  <b>AA</b> -CCD -AC -MA  <b>SIEE</b> -AT -AD  <b>CSC</b> -TS -DM -I -IN
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## RÚBRICA 5ª

	Insuficiente (1-4)	Suficiente (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaliente (9-10)	Compet. Clave
Resolver retos de situacións motrices colectivas, como o balonmán demostrando intencionalidade estratéxica	Elixe con dificultade e axuda constante das profesoras solución inapropiadas para a resolución da práctica motriz desenvolvida nos diferentes contextos, mostrando condutas contrarias á actitudes de axuda, colaboración cos demais membros do grupo, respectando con dificultade o de maneira excepcional o forzada os acordos e as normas establecidas	Elixe solución apropiadas seguindo pautas ofrecidas polo profesoras e seus compañeiros/as para a resolución da práctica motriz desenvolvida nos diferentes contextos, mostrando regularmente actitudes de axuda, colaboración e cooperación cos demais membros do grupo e respectando ocasionalmente os acordos e as normas establecidas	Elixe mediante pautas ofrecidas polo seus compañeiros/as solucións apropiadas para a resolución da práctica motriz desenvolvida nos diferentes contextos, mostrando regularmente actitudes de axuda, colaboración e cooperación cos demais membros do grupo e respectando ocasionalmente os acordos e as normas establecidas	Elixe seguindo pautas, solucións apropiadas para a resolución da práctica motriz desenvolvida nos diferentes contextos, mostrando habitualmente actitudes de axuda, colaboración e cooperación cos demais membros do grupo e respectando frecuentemente os acordos e as normas establecidas	<b>A.A</b> -ERT -MA -AC  <b>CSC</b> -TS -I  <b>CIEE</b> -AD -AT -C -RP

## RÚBRICA 6ª

	Insuficiente (1-4)	Suficiente (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaliente (9-10)	Comp
Recoñece as habilidades expresi-	Identifica con moita dificultade o corpo e	Identifica certa facilidade o corpo e o	Identifica con facilidade o corpo e o	Identifica con facilidade o corpo e o	<b>SIEE</b> AT

vas do corpo e do movemento en situacións motrices para tratar de comunicarse con elas	o movemento como fontes de expresión para comunicar a través da súa motricidade sentimentos, emocións, vivencias, ideas, personaxes, ou actos, con estilo propio, actuando de maneira forzada, con escasa creatividade e sen comprender nin valorar o produto final conseguido	movemento como fontes de expresión para comunicar a través da súa motricidade sentimentos, emocións, vivencias, ideas, personaxes, ou actos, con estilo propio, por iniciativa do seus compañeiros/as, esforzándose en ser creativo e con certa facilidade a veces para comprender e valorar o produto final conseguido	movemento como fontes de expresión para comunicar a través da súa motricidade sentimentos, emocións, vivencias, ideas, personaxes, ou actos, con estilo propio, de maneira espontánea na maioría das producións con aportacións creativas, comprendendo e valorando na maioría de execucións o produto final conseguido	movemento como fontes de expresión para comunicar a través da súa motricidade sentimentos, emocións, vivencias, ideas, personaxes, ou actos, con estilo propio, de maneira espontánea, de forma creativa e comprensible na execución, valorando reflexivamente o produto final conseguido	C RP AD  CSC IN  CD URH  CEC MAC DC ROAC  AA ERT MA AC
----------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### **3-VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, ESTÁNDARES DE APREDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CADA UN, COMPETENCIA CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRETERIOS DE CUALIFICACIÓN**



# 1º TRIMESTRE

## U.D: CONDICIÓN FÍSICA E EXPRESIÓN CORPORAL

O B X	CONTIDOS DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTIC.	ESTÁNDARES DE APRENDIXAXE E PESO POR TRIMESTRE	GRAO MIN DE CONS. DE CADA DESTÁNDAR: COMP/RÚBRICA
b, g, k,	B3.Valoración e exercitación da condición física mediante actividades físicas de carácter xeral e específico	B3.Coñecer, valorar e exercitar as capacidades físicas básicas e intentar melloralas	<b>EFB3.2.1.</b> Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física. <b>PESO: 0'5</b>	Coñece de forma xeral e exercita cun mínimo de eficacia as capacidades físicas básicas e sabe distingui-las <b>COMP: MCCT</b> <b>RÚB: 4ª</b>
	B3.Capacitación das calidades físicas básicas; incidindo fundamentalmente na resistencia aeróbica e mixta, a flexibilidade, e a forza-resistencia	B3.Exercitar as cualidades físicas básicas ; incidindo fundamentalmente na resistencia aeróbica e mixta, a flexibilidade, e a forza-resistencia	<b>EFB3.2.2.</b> Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. <b>P: 1</b>	Exercita e coñece as cualidades físicas básicas ; incidindo fundamentalmente na resistencia aeróbica e mixta, a flexibilidade, e a forza-resistencia <b>COMP: AA</b> <b>RÚB: 4ª</b>
d, j, m	B3.Adestramento das cualidades físicas básicas; incidindo fundamentalmente na resistencia aeróbica e mixta, na forza-resistencia e na flexibilidade	B3.Coñecer os métodos de adestramento das cualidades físicas básicas da resistencia, forza e flexibilidade	<b>EFB3.2.3.</b> Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. <b>P: 1'5</b>	Coñece de forma xeral os métodos de adestramento de cada unha das cualidades físicas básicas <b>COMP: SIEE</b> <b>RÚB: 4ª</b>
b, d, j, m	B3.Coñecemento e valoración dos efectos da actividade física sobre o organismo e a saúde; o seus beneficios e riscos.	B3.Recoñecer a importancia de coñecer as sinais do propio corpo fronte as exixencias do adestramento e ser capaz de tomar as decisións correctas en cada caso.	<b>EFB3.1.1.</b> Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva. <b>P: 0'5</b>	Ten interese pola execución correcta das actividades físicas <b>COMP: MCCT</b> <b>RÚB: 3ª</b>
b, j, k, m	B1.Perseveranza nos exercicios e actividades propostas cun espírito de colaboración e traballo en grupo ou en parellas	B1.Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e defender as propias opinións	<b>EFB1.5.1.</b> Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de	Mostrase participativo/a e disposta/o a traballar en parella ou en grupos <b>COMP: SC</b> <b>RÚB:</b>

			cambio fronte a outros argumentos válidos. <b>P: 0'5</b>	
k	B3.Desenvolvemento do equilibrio corporal mediante a hixiene postural e actividades de relaxación	B3.Tomar conciencia da hixiene postural comparando as dous compañeiros/as ca actitude postural dun mesmo/a	<b>EFB3.1.2.</b> Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes. <b>P: 0'5</b>	Coñece e intenta mellorar a hixiene postural propia con actitude positiva  <b>COMP: MCCT</b> <b>RÚB: 3ª</b>
c, d, g, k	B1.Aceptación do nivel persoal de condición física e cualidades motrices	B1.Aceptar as limitacións propias e dos demais	<b>EFB1.3.1.</b> Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas. <b>P: 0'5</b>	Demostra un mínimo de esforzo e de respecto ós demais <b>COMP: SC</b> <b>RÚB: 10ª</b>
a, b, k	B1.Respecto polas normas de hixiene, prevención e seguridade na práctica da actividade física.	B1.respectar e verificar as normas de hixiene, prevención e seguridade na práctica da actividade física.	<b>EFB1.4.1.</b> Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica. <b>P: 0'5</b>	Respecta e cumpre as normas das clases de Educación física <b>COMP: SIEE</b> <b>RÚB: 3ª</b>
a, b, k	B1.Coñecemento e análise da actividade física xunto ca medición da frecuencia cardíaca	B1. Analizar de forma correcta a medición da frecuencia cardíaca para a análise da actividade física da sesión	<b>EFB1.1.1.</b> Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma. <b>P: 0'5</b>	Analiza correctamente a sesión coa axuda da medición da frecuencia cardíaca en dúas zonas do corpo <b>COMP: AA</b> <b>RÚB: 4ª</b>
b, k	B1.Coñecemento do aparato locomotor e das súas lesións máis importantes (o sistema esquelético e o sistema muscular)	B1.Coñecer o sistema esquelético e sistema muscular do aparato locomotor e as lesións máis importantes que nos podemos atopar	<b>EFB1.4.2.</b> Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física. <b>P: 0'5</b>	Identifica e coloca un 75% dos músculos e ósos onde corresponda nun debuxo do corpo humano e 3 lesións máis importantes do aparato locomotor  <b>COMP: AA</b> <b>RÚB: 3ª</b>
b,	B1.Coñecemento e acti-	B1.Coñecer e mostrar	<b>EFB1.6.1.</b> Procura, pro-	Coñece e mostrar un mí-

k, g	tude crítica ante os mitos e crezas erróneas da actividade física e o deporte	unha actitude crítica ante os mitos e crezas erróneas da actividade física e o deporte	cesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. <b>P: 0'5</b>	nimo de actitude crítica ante os mitos e crezas erróneas da actividade física e o deporte  <b>COMP: CD</b> <b>RÚB: 7ª</b>
a, b, k, l	B2.Coñecemento e elaboración de composicións artístico-expresiva utilizando a expresión corporal e diferentes tipos de linguaxes na comunicación non verbal	B2.Coñecer e experimentar e elaborar ca expresión corporal e cos tipos de linguaxes na comunicación non verbal composicións artístico-expresivas	<b>EFB2.1.1.</b> Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición. <b>P: 1</b>	Coñece e experimenta cunha actitude positiva a expresión corporal e os distintos tipos de linguaxes na comunicación non verbal <b>COMP: CEC</b> <b>RÚB: 6ª</b>
b, e, j, k, l	B2.Execución e coñecemento de pequenos montaxes artístico-expresivos baseados no espazo e no tempo	B2.Experimentar e executar pequenos montaxes artístico-expresivos en actividades de expresión corporal baseadas no tempo e no espazo	<b>EFB2.1.2.</b> Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas. <b>P: 1</b>	Pon e práctica cunha actitude positiva as diferentes linguaxes de expresión corporal baseadas no tempo e no espazo mediante representacións diante dos compañeiros/as do grupo  <b>COMP: CEC</b> <b>RÚB: 6ª</b>
	B2.Distinción do espazo e do tempo como elemento imprescindible da comunicación			
	B2.Coñecemento das diferentes formas de ocupación do espazo e do tempo			
	B2.Utilización do espazo e do tempo na relación do corpo e do entorno Utilización do mimo como forma de expresión			

	<p>B2. Identificación e colaboración nas posibilidades de expresión e comunicación en distintas manifestacións (mimo, danza, dramatización..)</p>	<p>B2. Lograr unha expresión corporal mellor a través da utilización da linguaxe do corpo, da expresión da cara e das posturas do corpo colaborando co grupo</p>	<p><b>EFB2.1.3.</b> Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.</p> <p><b>P: 1</b></p>	<p>Intentar expresar sentimentos e emocións a través da linguaxe do corpo cun mínimo de credibilidade</p> <p><b>COMP: CEC</b> <b>RÚB: 6ª</b></p>
--	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## 2º TRIMESTRE

### U.Ds: BALONMÁN E AEROBIC

O B X	CONTIDOS DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E PESO POR TRIMESTRE	GRAO MIN DE CONS. DE CADA EST:COMP/RÚBRICAS
g, k,	B3.Coñecemento e valoración da práctica habitual da actividade física na mellora da calidade de vida	B3.Coñecer o corpo, adoptando unha actitude crítica ante as actividades con efecto negativo sobre a saúde	<b>EFB3.1.3.</b> Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde. <b>PESO: 0'5</b>	Demuestra un mínimo de esforzo e de respecto ós demais  <b>COMP: MCCT</b> <b>RÚB: 3ª</b>
c, d	B3.Aceptación das limitacións propias e dos demais			
b, e, g, k	B3.Coñecemento e valoración da principal fonte de problemas do aparato locomotor "a columna vertebral"	B3.Coñecer e valorar a principal fonte de problemas do aparato locomotor "a columna vertebral"	<b>EFB3.2.4.</b> Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.  <b>P: 0'5</b>	Coñece e valora cun un mínimo de crítica construtiva a principal fonte de problemas do aparato locomotor e as formas de solucionalo  <b>COMP: MCCT</b> <b>RÚB: 3ª</b>
	B4.Coñecemento e posta en práctica da forma correcta de sentarse ben, levantar obxectos pesados, durmir e manter unha actitude postural axeitada durante todo o día	B4.Coñecer e poñer en práctica a forma correcta de sentarse ben, levantar obxectos pesados, durmir e manter unha actitude postural axeitada durante todo o día	<b>EFB4.1.1.</b> Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.  <b>P: 1</b>	Coñece e pon en práctica da mellor forma posible a forma correcta de sentarse e levantar obxectos mantendo unha actitude postural axeitada  <b>COMP: AA</b> <b>RÚB: 3ª</b>
b, k	B1.Desenvolvemento do equilibrio corporal mediante a hixiene postural	B1.Tomar conciencia da hixiene postural comparando as dous compañeiros/as ca actitude postural dun mesmo/a	<b>EFB1.6.2.</b> Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.  <b>P: 0'5</b>	Coñece e intenta mellorar a hixiene postural propia  <b>COMP: CL</b> <b>RÚB: 3ª</b>
b, e,	B1.Coñecemento e valoración da detención dos	B1.Tomar conciencia dos efectos negativos que le-	<b>EFB1.3.2.</b> Valora as actividades físicas dist-	É capaz de identificar e ser consciente da relación

g, k	posibles problemas que levan a obsesión pola imaxe e a estética relacionadas con enfermidades como a vigorexía, anorexia, bulimia e obesidade	van a obsesión pola imaxe e a estética e a relación con enfermidades como a vigorexía, anorexia, bulimia e obesidade	inguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.  <b>P: 0'5</b>	negativa entre a obsesión polo deporte e as enfermidades vinculadas á imaxe e a estética  <b>COMP: CEC</b> <b>RÚB: 3ª</b>
	B3.Coñecemento e comprensión dos principios básicos dunha dieta saudable e os recursos básicos para identificar ós nutrientes dos alimentos	B3.Coñecer e comprender os principios básicos dunha dieta saudable e os recursos básicos para identificar ós nutrientes dos alimentos	<b>EFB3.1.4.</b> Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.  <b>P: 0'5</b>	Ser capaz de identificar e coñecer os principios básicos dunha dieta saudable e os recursos básicos para identificar ós nutrientes dos alimentos  <b>COMP: MCCT</b> <b>RÚB: 3ª</b>
b, g, k	B4.Coñecemento e asimilación do balonmán como deporte colectivo e utilización do mesmo en situacións de xogo e/ou en xogos predeportivos do mesmo deporte	B4. Practicar o balonmán aplicando as regras fundamentais entendéndoo como deporte de equipo en situacións recreativas e de competición	<b>EFB4.1.2.</b> Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.  <b>P: 1</b>	Entende e practica o balonmán como deporte de equipo en situacións recreativas e competitivas máis formais  <b>COMP: SIEE</b> <b>RÚB: 5ª</b>
Un dos aspectos que non podemos esquecernos de avaliar é o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente. Para avaliar a presente programación terase en conta, unha serie de indicadores de logro que recollen as catro dimensións básicas para abordar a práctica docente: seguimento da programación, atención á diversidade, exercicios actividades e tarefas na aula, aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.

### **Concreción dos indicadores**

1.Cando comezamos unha unidade ou tema novo, presentámoslles aos	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
------------------------------------------------------------------	----------	----------	----------	----------

alumnos os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como serán avaliados...				
2.Motivamos aos alumnos comunicándolles os obxectivos que queremos conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creándolles expectativas.				
3.Deseñamos distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos.				
4.Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar.				
5.As actividades que propoñemos están relacionadas con situacións da vida real e o alumnado enténdeo.				
6.Propoñemos actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (achega de información, traballos, investigacións...). Definimos os obxectivos básicos do traballo para logo avalialo.				
7. Corriximos e explicamos de forma habitual os traballos e actividades do alumnado , e damos pautas para a mellora da súa aprendizaxe.				
8.En función das características de cada alumno/a, plantexamos tarefas e logros diferentes.				
9.Empregamos metodoloxías diversas que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno/a e que teñan en conta os seus intereses.				
10. Variamos a organización do grupo-clase (traballo individual, en parellas, en pequeno grupo, en gran grupo, organizamos axudas entre iguais en base aos perfís diferentes dos alumnos...)				
11.Empregamos recursos e materiais variados para a aprendizaxe da nosa materia: material propio do ximnasio, material audiovisual, material, impreso, ferramentas TIC... e seleccionámolos en función da súa idoneidade.				
12.Traballamos os temas transversais.				
13.Temos en conta os acordos cas compañeiros do noso departamento				
14.Utilizamos diferentes tipos de probas de avaliación (exames, traballos individuais, traballos en grupo, exposicións orais...)				
15.Utilizamos diversos instrumentos de rexistro e diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.				
16.Analizamos os resultados e temos en conta aqueles alumnos que se aloxan da media tanto por arriba como por abaixo.				
17.Propoñemos novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos				



cando estes non foron acadados.				
18. Propoñemos novas actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade.				

Despois de completar este cuestionario, reflexionamos e debatemos os resultados.

O seguimento trimestral, por parte das profesoras que imparten a materia, valorando os obxectivos acadados, a correcta secuenciación da materia, os propios recursos empregados e a metodoloxía didáctica empregada, así como tamén, o nivel da clase e dificultades atopadas. A profesora poderá introducir as medidas correctoras sempre que o estime oportuno. Periodicamente nas reunións de Departamento tratarase sobre ditas cuestións.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN PREVISTA			TEMPORALIZACIÓN FINAL		
	1º TR	2ºTR	3ºTR	1º TR	2ºTR	3ºTR
3.2.1	X					
3.2.2	X					
3.2.3	X					
3.1.1	X					
1.5.1	X					
3.1.2	X					
1.3.1	X					
1.4.1	X					
1.1.1	X					
1.4.2	X					
1.6.1	X					
2.1.1	X					
2.1.2	X					
2.1.3	X					
3.1.3		X				
3.2.4		X				
4.1.1		X				
1.6.2		X				
1.3.2		X				
3.1.4		X				
4.1.2		X				
4.2.3		X				
4.2.4		X				
4.1.3		X				
1.3.3		X				

4.2.1		X				
4.3.1		X				
1.1.2		X				
1.6.3		X				
1.5.2			X			
4.2.6			X			
1.4.3			X			
1.2.3			X			
1.2.2			X			
4.2.2			X			
1.1.3			X			
4.2.5			X			
1.2.1			X			
4.3.2			X			
4.3.3			X			

### Indicadores de logro dos estándares de aprendizaxe

Ao final de Curso, as profesoras que imparten a materia, farán un resume global que terá en conta, polo menos, os seguintes aspectos: o grado de cumprimento dos obxectivos acadados e dificultades atopadas. Isto concrétese en:

#### Avaliación da programación:

##### Obxectivos:

- Traballáronse todos os obxectivos?
- Afondouse nalgúns especialmente?
- Obxectivos non alcanzados polos alumnos/as
- Cales son a razón de que non se alcanzaran estes obxectivos?
- Grao de consecución de obxectivos.
- Propostas de mellora

##### Estándares de aprendizaxe:

- Traballáronse todos os conceptos?

- Cales se desenvolveron especialmente?
- Cales foron as razóns para que se puideran desenvolver?

## 8-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMEN- TO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Este programa está dirixido a aqueles alumnos/as que no superaron o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe do Área de Educación Física no curso anterior: O departamento ten un plan para estes alumnos/as que consiste na realización de diferentes traballos sobre a materia teórica entregada ó alumnado no curso correspondente a través de classroom.

O grao mínimo dos estándares de aprendizaxe máis conceptuais para superar a materia pendente de 3º eso, serán:

<b>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS DESTÁNDAR DE APRENDIZAXE CONCEPTUAIS</b>	<b>PESO (SOBRE 10)</b>
Sabe cales son as posturas perxudiciais	1´6
Coñece as regras básicas mínimas para poder xogar a badminton	1´6
Sabe que é unha RCP e o que non se debe facer neses casos	1´6
Coñece de forma xeral as características básicas do deporte individual	1´6
Coñece e practica os diferentes golpes de bádminton	1´6
Identifica as posturas adecuadas para estar sentado/a deitado/a, de pe e levantando obxectos	1´6

O alumno/a con pendente, optará a realizar 2 exames durante o curso (Febreiro-Maio), ca metade da materia en cada un para facilitarlle o traballo. E se non aproba poderá examinarse de todo en xuño.

Os traballos entregados contará como o 50% da nota, e o 50% restante corresponderá a anota do exame teórico.

## **9-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS**

### **AVALIACIÓN INICIAL**

A **avaliación inicial** é un punto clave na avaliación porque serve para mellorar a seguinte programación e en consecuencia a reorganización do traballo. Deste xeito conseguimos un aprendizaxe significativo de nosos alumnos/as, valorando proceso e resultado.

Por tanto a avaliación en educación física debe proporcionar:

#### **COÑECER O RENDIMENTO DO ALUMNO:**

Comprobaremos o rendemento aproveitándoo para o mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

#### **DIAGNOSTICAR:**

Diagnóstico do primeiro momento do proceso de avaliación, pretendendo determinar o nivel da situación o do alumno/a en relación cuns parámetros determinados.

- Diagnóstico xenérico: faremos o principio de curso para determinar o nivel de aptitude física e motriz dos alumnos/as e recoller outros datos de información individual requiridos pola natureza do traballo programado.
- Diagnóstico específico: elaborado para diferentes unidades de traballo e inmediatamente anterior a seu desenvolvemento didáctico.

- Diagnóstico de puntos débiles: para corrixir calquera deficiencia no proceso de aprendizaxe, a primeira condición é descubri-la para estudar as causas que a producen e poñer remedios.

#### VALORAR A EFICACIA DO SISTEMA DE ENSINANZA:

A avaliación do rendemento dos alumnos/as ofrece tamén o profesor/a un motivo de reflexión sobre o currículo elixido, as condicións de traballo e o procedemento de ensinanza utilizado.

#### PRONOSTICAR AS POSIBILIDADES DO ALUMNO E ORIENTAR:

Es misión do profesor/a orientar e aconsellar en función dos trazos e características de cada alumno/a.

#### MOTIVAR E INCENTIVAR O ALUMNO/A:

Proposición de tarefas para as que o alumno/a non está preparado, co fin de utilizar o éxito como estímulo para a realización de tarefas con maior dificultade. Este feedback é decisivo para o progreso no rendemento.

#### AGRUPAR O CLASIFICAR:

Non establecer os grupos só a criterios de afinidade. Dada as grandes diferenzas entre alumnos/as da mesma idade, os niveis de homoxeneidade serán de forma máis obxectiva.

#### ASIGNAR CALIFICACIÓNS ÓS ALUMNOS:

Seu obxectivo é dar información os pais e alumnos/as sobre o desenvolvemento da formación. É importante que esa información tenda a restar diferenzas entre alumnos/as e a diminuír a presión dos pais sobre os fillos.

## PROBAS DE AVALUACIÓN INICIAL

1-XOGO GRUPAL	Utilizaremos actividades sinxelas para coñecer o o razoamento do suxeito así como o aspecto social e afectivo que vemos nas actitudes que son reflexo dos valores de cada alumno/a.
---------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

2-PROBAS MOTORAS DE APTITUDE FÍSICA	Probas das diferentes capacidades físicas, na que coñezamos o desenvolvemento motor de cada individuo alumno/a.
3- XOGOS PREDESPORTIVOS	Xogos de deportes adaptados a idade, onde coñezamos as súas capacidades coordinativas e as súas habilidades na adaptación, reacción, diferenciación e percepción espacial-temporal.
4-ACTIVIDADE DE RITMO/BAILE,	Actividades de ritmo/danza onde poderemos observar a sincronización, ritmo, orientación e equilibrio así como as capacidades coordinativas de cada alumno/a.

## 10-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se a E.F. debe axustarse a realidade física e individual de cada alumno/a, é absolutamente esencial que todos participen na medida das súas posibilidades, nas actividades e na adquisición de coñecementos.

As profesoras do departamento teñen que ter os seguintes datos:

- Datos persoais do alumno/a en relación coa súa patoloxía.
- Datos xerais sobre a súa historia clínica.
- Servizos complementarios (como a terapia física).
- Cales son as súas capacidades e a súas necesidades.
- Cales son os elementos de ensinanza e de aprendizaxe que necesitan adaptacións.
- Obxectivos específicos do alumno/a e non do grupo en que está integrado.

Para referirnos ó noso alumnado falaremos de alumnos-as diversos-as, xa que cada un ten necesidades diversas que requiren unha resposta diferente pola nosa parte. Atenderemos as necesidades educativas do noso alumnado no marco dunha ensinanza comprensiva e aberta á diversidade.

Partindo do principio da comprensividade, a atención diversificada ós intereses, capacidades e motivacións do alumnado pode levarse a cabo para a maior parte dos alumnos no ámbito habitual das actuacións pedagóxicas curriculares. Non obstante, a veces, as necesidades educativas dalgúns alumnos requiren un conxunto de actuacións e recursos que difiren dos habituais. Isto débese a que non todas as necesidades educativas especiais son da mesma natureza nin teñen unha mesma orixe polo tanto necesitan recursos e actuacións similares.

## ACTUACIÓNS CONCRETAS

1- **Unha entrevista inicial**, na que trataremos de distinguir entre aquelas necesidades educativas especiais que se manifestan de forma temporal ou transitoria e aquelas outras que teñen carácter de estabilidade ou permanencia ó longo da escolarización.

2- Despois de coñecidas as necesidades dos nosos alumnos intentaremos dar unha **resposta diferenciada** co obxecto de lograr o máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades.

a) Na nosa área encontrámonos con alumnos con **moita diferenza no nivel inicial**, xa que algúns teñen unha boa formación deportiva ( pertencen a clubs, ..), e outros só fan a actividade física da clase de educación física ( pouca experiencia motriz).

\* Faremos actividades, xogos, etc., comúns e outras actividades con niveis adecuados ás diferentes capacidades.

b) Tamén nos encontramos con alumnos con diversos **problemas físicos** ( lesións, problemas de lombo, alerxias, asma, secuelas de traumatismos anteriores, etc..)

\* Adaptaremos a práctica para que poidan participar activamente actividades comúns e actividades alternativas

c) O **alumnado que lle sexa recomendable gardar repouso**,

\* Poderá: realizar diversos traballos escritos na clase en base a textos que lle ofrecerá o profesor-a, tomar nota e comentar as actividades de clase, axudar ós seus compañeiros en diversas tarefas, etc...

d) Ó **plantexar actividades en base ó nivel inicial de cada alumno**, capacidades individuais, intereses, progreso na adquisición das diferentes capacidades, etc... a avaliación farase en base a estes mesmos principios, sen esquecer as actitudes, esforzo e traballo en clase. E dicir, cada alumno-a deberá traballar ó máximo posible, pero sempre en base ás súas posibilidades.

## 11-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

As rúbricas elaboradas polo centro para avaliar os estándares transversais das competencias CSC, CAA, CCEC e CD son:

RÚBRICA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

	EXCELENTE (2-1,5 puntos)	SATISFACTORIO (1,5-1 puntos)	BÁSICO (1-0,5 puntos)	ESCASO (0,5-0 puntos)	NOTA
<b>Harmonía coas compañeiras e compañeiros</b> (2 puntos)	<b>Sempre</b> traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. <b>Nunca</b> mostra actitudes sexistas nin discriminatorias. <b>Nunca</b> usa linguaxe sexista e/ ou discriminatoria. <b>Sempre</b> respecta a diversidade.	<b>Case sempre</b> traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. <b>Case nunca</b> mostra actitudes sexistas nin discriminatorias. <b>Case nunca</b> usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e, se o fai, autocorríxese. <b>Case sempre</b> respecta a diversidade.	<b>Ás veces</b> traballa con tolerancia e de bo grao cos compañeiros/os pero prefire traballar só con parte deles/as. <b>Ás veces</b> mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. <b>Ás veces</b> usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria pero trata de autocorrir-se. <b>Ás veces</b> respecta a diversidade.	<b>Ten dificultades</b> para traballar con todos ou case todos os seus compañeiros/as. <b>Con frecuencia</b> mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. <b>Con frecuencia</b> usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e non trata de autocorrir-se. <b>Nunca ou case nunca</b> respecta a diversidade.	
<b>Interese e coidado do material</b> (2 puntos)	<b>Sempre</b> participa activamente nas actividades propostas. <b>Sempre</b> se interesa por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.	<b>Case sempre</b> participa activamente nas actividades propostas. <b>Case sempre</b> se interesa por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.	<b>Ás veces</b> participa activamente nas actividades propostas. <b>Ás veces</b> interésase por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.	<b>Nunca ou case nunca</b> participa activamente nas actividades propostas. <b>Ten dificultades</b> para manter en bo estado o material, propio e alleo, e para respectar as normas de uso.	
<b>Utilización de valores</b> (2 puntos)	<b>Sempre</b> é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. <b>Sempre</b> cumpre as normas porque comprende a súa importancia para evitar conflitos e, se os hai, sempre se involucra na súa solución. <b>Sempre</b> adopta,	<b>Case sempre</b> é solidario/a e adoita ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita. <b>Case sempre</b> cumpre as normas para evitar conflitos e, se os hai, adoita involucrarse na súa solución. <b>Case sempre</b> adopta, por iniciati-	<b>Ás veces</b> é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. <b>Ás veces</b> non cumpre as normas, pero se hai conflitos trata de involucrarse na súa solución. <b>Ás veces</b> adopta, por iniciativa propia, actitudes de	<b>Nunca ou case nunca</b> é solidario/a e ten dificultades para ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita. <b>Nunca ou case nunca</b> respecta as normas e non adoita involucrarse na solución dos conflitos. <b>Nunca ou case</b>	



	por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. <b>Sempre</b> aplica hábitos de hixiene e saúde.	va propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. <b>Case sempre</b> aplica hábitos de hixiene e saúde.	respecto e coidado do medio ambiente. <b>Ás veces</b> aplica hábitos de hixiene e saúde.	<b>nunca</b> adopta actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. <b>Nunca ou case nunca</b> aplica hábitos de saúde e hixiene.	
<b>Participación no grupo</b> (2 puntos)	<b>Sempre</b> participa activamente no traballo en grupo, implícase na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. <b>Sempre</b> admite e respecta todas as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. <b>Sempre</b> respecta as quendas.	<b>Case sempre</b> participa no traballo en grupo, adoita implícase na organización, achegar ideas e traballar colaborativamente. <b>Case sempre</b> admite e respecta as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. <b>Case sempre</b> respecta as quendas.	Participa no traballo en grupo pero só <b>ás veces</b> se implica na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Só <b>ás veces</b> admite e respecta as opinións ou parte delas e cústalle axudar a resolver conflitos se os hai. Só <b>ás veces</b> respecta as quendas.	<b>Nunca ou case nunca</b> participa no traballo en grupo nin se implica na organización nin achega ideas nin traballa colaborativamente. <b>Nunca ou case nunca</b> admite nin respecta as opinións nin axuda a resolver conflitos. <b>Nunca ou case nunca</b> respecta as quendas.	
<b>Responsabilidade</b> (2 puntos)	<b>Sempre</b> cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. <b>Sempre</b> é responsable á hora de traer o material necesario.	<b>Case sempre</b> cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. <b>Case sempre</b> é responsable á hora de traer o material necesario.	<b>Ás veces</b> non respecta os prazos, pero realiza a maioría das tarefas. <b>Ás veces</b> non é responsable á hora de traer o material necesario.	<b>Nunca ou case nunca</b> respecta os prazos nin realiza a maioría das tarefas. <b>Nunca ou case nunca</b> trae o material necesario.	
<b>ALUMNO/A:</b>				<b>NOTA:</b>	

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Fontes de información</b> (2,5 puntos)	<b>Procura</b> información na rede demostrando <b>habilitade</b> no seu filtrado. <b>Extrae</b> a información precisa, escollendo con <b>criterio</b> o que realmente necesita. <b>Procesa</b> a información e <b>manipúlaa</b> tratando de <b>evitar o copiado literal</b> .	<b>Procura</b> información na rede pero ten certa <b>dificultade no seu filtrado</b> . <b>Extrae</b> a información precisa, aínda que <b>ás veces necesita axuda</b> . <b>Procesa</b> a información e <b>manipúlaa</b> , pero non se preocupa por <b>evitar o copiado literal</b> .	<b>Procura</b> información na rede <b>de formaguiaida</b> . <b>Non ten un criterio claro para extraer</b> a información precisa e necesita axuda constante. Fai una <b>manipulación</b> da información moi <b>básica e cópiaa</b> toda ou case toda <b>de xeito literal</b> .	<b>Cústalle</b> moito a <b>procura</b> de información na rede aínda que sexa de forma guiada. <b>Non é capaz de extraer</b> da información <b>datos</b> que precisa. <b>Non manipula nin procesa</b> a información.
<b>Capacidade para traballar coas TIC</b> (2,5 puntos)	<b>Coñece e usa aplicacións</b> informáticas <b>axeitadas</b> á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manéxaas con <b>destreza</b> e crea documentos de <b>calidade</b> .	<b>Coñece e usa a maioría das aplicacións</b> informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manexa a maioría delas con <b>bastante destreza</b> e crea documentos dixitais dunha <b>calidade aceptable</b> .	<b>Coñece e usa só algunhas aplicacións</b> informáticas axeitadas para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. <b>Necesita bastante axuda</b> para manexalas e para que os documentos xerados sexan dunha <b>calidade mínima</b> .	<b>Non coñece nin usa as aplicacións máis comúns</b> axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. <b>Necesita axuda constante</b> para o seu manexo e, mesmo de xeito guiado, produce documentos de <b>baixa calidade</b> .
<b>Linguaxe específica</b> (2,5 puntos)	<b>Interpreta correctamente a simboloxía</b> propia das aplicacións	<b>Interpreta correctamente a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas,	<b>Ten dificultades na interpretación da simboloxía</b> propia das	<b>Non coñece a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
	informáticas, de modo que é capaz de iniciarse de forma <b>autónoma</b> no seu manexo.	<b>pero precisa de axuda</b> para iniciarse no seu manexo.	aplicacións informáticas e presenta dificultades para desenvolverse con elas, precisando de axuda.	cas e non é quen de utilizalas correctamente aínda que sexa de forma guiada.
<b>Respecto no uso de recursos dixitais</b> (2,5 puntos)	<b>Sempre inclúe</b> nas súas producións as referencias ás <b>fontes</b> utilizadas. <b>Sempre respecta os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.	<b>Case sempre inclúe</b> as referencias ás <b>fontes</b> utilizadas. <b>Case sempre respecta os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.	<b>Esquécese con frecuencia</b> de facer referencia ás <b>fontes</b> utilizadas. <b>Hai que lembrarlle a cotío que respecte os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes e/ou contidos.	<b>Non fai referencias</b> ás <b>fontes</b> utilizadas. <b>Non amosa interese polo respecto aos principios legais e éticos</b> na utilización de fontes e/ou contidos, incumpríndoos intencionadamente.

#### RÚBRICA DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Esforzo e actitude</b> (2,5 puntos)	Sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Sempre se interesa polas actividades da clase. Sempre amosa curiosidade, motivación e esforzo na comprensión de conceptos.	Case sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Case sempre se interesa polas actividades da clase. Case sempre amosa bastante curiosidade e motivación. Xeralmente esfórzase na comprensión de conceptos.	Ás veces perde a atención, desconcéntrase e/ou cóstalle memorizar. Ás veces interésase polas actividades da clase. Ás veces amosa certa curiosidade e/ou motivación. Só se esforza ás veces na comprensión de conceptos.	Nunca ou case nunca presta atención, perde a concentración con frecuencia e cóstalle moito memorizar. Nunca ou case nunca se interesa polas actividades da clase. Nunca ou case nunca amosa curiosidade nin se esforza na comprensión de conceptos.
<b>Organización e planificación</b> (2,5 puntos)	Sempre organiza e planifica axeitadamente as súas tarefas e distribúe ben os tempos. Sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Case sempre organiza e planifica as súas tarefas, pero ás veces ten que redistribuír os tempos. Case sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Ás veces comete erros na organización e planificación das súas tarefas e ten dificultades coa adecuada distribución dos tempos. Ás veces cóstalle diferenciar nos traballos os aspectos esenciais dos secundarios.	Nunca ou case nunca organiza nin planifica as súas tarefas e case sempre ten problemas coa distribución dos tempos. Nunca ou case nunca destaca nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.
<b>Estratexias e xestión da aprendizaxe</b> (2,5 puntos)	Sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter o máximo rendimento. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e infire conclusións. É	Case sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter un rendemento satisfactorio. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e case sempre infire	Coñece distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas, pero ás veces non as selecciona con acerto. Ás veces ten dificultades para analizar, organizar e sintetizar	Non aplica distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas ou faino sempre de xeito errado. Case nunca ou nunca é quen de sintetizar e organizar conceptos nin inferir conclusións. Non

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
	capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe.	conclusións. Case sempre é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe.	conceptos. Con frecuencia precisa axuda para inferir conclusións e elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle permitan avanzar na aprendizaxe.	é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle sirvan para avanzar na aprendizaxe.
<b>Autonomía e capacidade de autoavaliación</b>  (2,5 puntos)	<p>Sempre avalía criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas.</p> <p>Sempre utiliza os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio/ampliación para realizar as tarefas.</p>	<p>Case sempre avalía satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas.</p> <p>Case sempre usa os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio para realizar as tarefas.</p>	<p>Ás veces avalía as súas producións pero só ocasionalmente obtén conclusións para melloralas.</p> <p>Ás veces usa algúns dos recursos que ten ao seu alcance como apoio para realizar as tarefas.</p>	<p>Nunca ou case nunca avalía as súas producións.</p> <p>Nunca ou case nunca usa os recursos que ten ao seu alcance para documentarse nin como apoio para realizar as tarefas.</p>

## RÚBRICA DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Respecto pola cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e implícase activamente cando corresponde.</p>	<p>Case sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Case sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e é doado conseguir que se implique nesta tarefa.</p>	<p>Ás veces mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Ás veces amosa interese pola conservación do patrimonio, pero non adoita implicarse nesta tarefa.</p>	<p>Nunca ou case nunca mostra interese e /ou respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Non lle dá ningunha importancia á conservación do patrimonio.</p>
<b>Goce da cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre goza coas diferentes manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Aprecia as manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Case sempre goza coas manifestacións culturais e artísticas,enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Case sempre aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Ás veces goza con algunhas manifestacións culturais e artísticas,pero non as entende como parte do desenvolvemento do pensamento nin como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Só ás veces aprecia algunhas manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>	<p>Nunca ou case nunca goza coas manifestacións culturais nin as considera importantes no desenvolvemento do pensamento nin como riqueza dos pobos.</p> <p>Nunca ou case nunca aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>
<b>Participación</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Case sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Ás veces participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Nunca ou case nunca participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>
<b>Habilidades creativas</b> (2,5 puntos)	<p>Ten unha grande iniciativa e creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos mate-</p>	<p>Ten iniciativa e bastante creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos mate-</p>	<p>Ten iniciativa suficiente e unha creatividade básica para expresarse a través dalgúns códigos artísticos e</p>	<p>Non ten iniciativa nin creatividade para expresarse a través dalgún código artístico e/ou empregar al-</p>

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
	riais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	riais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	empregar algúns materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	gún material e técnica no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.

Para o tratamento de todos estes temas, a nosa materia, a Educación Física, tomará un papel relevante, xa que as súas características e peculiaridades a destacan como posible materia organizadora de moitos destes elementos. Polo que repercutiremos directa e positivamente sobre os seguintes elementos transversais:

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres (IHM)
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidades (PVGPD)
- Prevención e resolución pacífica de conflitos (PRPC)
- Xustiza (X)
- Democracia (D)
- Pluralidade (PL)
- Respecto aos dereitos humanos (RDH)
- Emprendemento (E)
- Liberdade (L)
- Paz (P)
- Seguridade viaria (SV)

A forma en que vemos esta relación destes elementos transversais coa nosa materia é a través dos seguintes apartados:

Coa práctica motriz, os alumnos van construíndo relacións entre o corpo, a actividade motriz e a saúde. Coñecementos sobre hábitos hixiénicos, posturais e nutricionais correctos, etc... Todo isto contribuirá ó coñecemento do corpo en tódalas súas dimensións.

A través da práctica conxunta de actividades físicas o alumnado conseguirá coñecer as características de cada un deles. Igualmente, a práctica de diversidade de actividades físicas contribuirá a eliminar estereotipos sexistas tanto da propia práctica deportiva como os da vida cotiá.

Unha das características da práctica de actividades físicas é a súa constante interacción co medio en que os alumnos viven e en ocasións co medio natural. Desde a nosa materia promoveranse actividades de aprendizaxe que axuden a coñecer o contorno e ter actitudes de respecto, mellora, conservación,... do mesmo.

A práctica de actividades físicas e, especialmente a práctica dos deportes de cooperación/ oposición, propician situacións de tensión, enfrontamento, rivalidade, etc., que é necesario resolver cunha actitude de diálogo; á vez son útiles para promover actitudes básicas de convivencia, respecto, solidariedade, participación, ..

Todos aqueles contidos propios da E.F. referidos ó corpo no espazo e o tempo fomentarán esquemas motores que terán unha transferencia positiva a situacións normais do medio urbano ou viaria.

Fomentaranse todas aquelas actitudes de autoestima e de respecto baseadas no coñecemento e aceptación das propias ou alleas posibilidades e limitacións. Igualmente fomentaranse todas aquelas actitudes de aceptación de diferenzas, de solidariedade, de cooperación, tolerancia, comprensión, de participación activa...

## **12-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA 4º ESO**

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

**TORNEO DE BALONMÁN:** propoñemos un día utilizar as instalacións exteriores e realizar competicións por equipos entre os alumnos/as de cuarto.

- Custo da actividade: Nulo
- Lugar: Pistas exteriores.
- Data: Segundo trimestre
- Tempo da actividade: Dúas horas.

\*Como alternativa, propoñemos competición nos recreos de balonmán.

## **13-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

**Avaliación do proceso de ensinanza a través dos resultados académicos:**

Datos estatísticos do número de alumnos/as con:

- Cualificación insuficiente
- Cualificación suficiente
- Cualificación ben
- Cualificación notable
- Cualificación de sobresaliente

En función do numero de alumnos/as, e da nota media da clase, pódenos dicir moito do traballo levado a cabo como:

- O nivel esixido.
- O tratamento dos contidos.
- A efectividade da metodoloxía utilizada.
- A capacidade das profesoras para adaptarse o grupo.

- A capacidade do grupo de adaptarse as novas esixencias das profesoras.

## **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

Para avaliar a presente programación terase en conta:

O seguimento trimestral da mesma, por parte das profesoras que imparten a materia, valorando os obxectivos acadados, a correcta secuenciación da materia, os propios recursos empregados e a metodoloxía didáctica empregada, así como tamén, o nivel da clase e dificultades atopadas. A profesora poderá introducir as medidas correctoras sempre que o estime oportuno. Periodicamente nas reunións de Departamento tratarase sobre ditas cuestións.

Ao final de Curso, os profesoras que imparten a materia, farán un resume global que terá en conta, polo menos, os seguintes aspectos: o grado de cumprimento dos obxectivos acadados e dificultades atopadas. Isto concrétese en:

### **Avaliación da programación:**

#### **Obxectivos:**

- Traballáronse todos os obxectivos?
- Afondouse nalgúns especialmente?
- Obxectivos non alcanzados polos alumnos/as
- Cales son a razón de que non se alcanzaran estes obxectivos?
- Grao de consecución de obxectivos.
- Propostas de mellora

### **Estándares de aprendizaxe:**

- Traballáronse todo os conceptos?

- Cales se desenvolveron especialmente?
- Cales foron as razóns para que se puideran desenvolver?
- Propostas de melloras.

Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos, o departamento deseñou este instrumento, no que 4 é a cualificación máis alto e 1 a máis baixa:

<b>INDICADORES DE LOGRO</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1. Respectamos a distribución temporal dos estándares de aprendizaxe por avaliacións.				
2. Aplicamos a metodoloxía didáctica programada.				
3. Tivemos en conta o grao mínimo de consecución dos estándares para aprobar a materia.				
4. Aplicamos os procedementos e instrumentos de avaliación programados e axustámonos aos criterios de cualificación.				
5. Aplicamos, na medida do posible, as medidas de atención á diversidade necesarias.				
6. Fixemos un correcto seguimento do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.				
7. Aplicamos medidas de reforzo educativo dirixidas a alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.				
8. Tentamos estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.				
9. Usamos os materiais e recursos didácticos programados.				
10. Realizamos as actividades complementarias e extraescolares programadas.				



Con todos estes datos elaborarase a programación da materia para o seguinte ano académico.

A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro que avalían o proceso de ensino e a práctica docente. A análise disto e dos resultados académicos, realizada nas reunións de departamento ao longo do curso e cuxo contido quedará reflectido no libro de actas do departamento, pode supoñer a modificación de aspectos da programación, tanto a nivel de obxectivos, como de recursos ou metodoloxía procurando sempre aportar cambios que supoñan unha mellora.

## **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN A POSIBLES CONFINAMENTOS SEMIPRESENCIAL OU TOTAL**

### **1-POSIBLES SITUACIÓNS CURSO 2022-2023**

- **A METODOLOXÍA DE TRABALLO PARA O ENSINO ONLINE**

O medio de traballo telemático e de comunicación co alumnado será a Aula Virtual e o correo corporativo do centro. Ao inicio do curso a profesora explicará a cada grupo como ten configurada o seu grupo e como ten que traballar nas plataformas online.

A comunicación cos pais realizarase a través de Abalar móbil.

O correo corporativo do centro, será o lugar de comunicación e coordinación entre os distintos equipos docentes.

Para impartirmos as clases virtuais mediante videoconferencia empregarase a aplicación de video conferencia de classroom.

- **CONFINAMENTO SEMIPRESENCIAL**

Aproveitaremos as clases presenciais para intentar impartir a parte práctica da materia e reservaremos as clases online para a parte máis teórica da materia.

- **CONFINAMENTO TOTAL**

A planificación será semanal e aparecerá reflectida na Aula Virtual e no correo corporativo do centro para coñecemento do alumnado.

As clases que se impartan por videoconferencia realizaranse no horario correspondente do grupo e deixarase colgada por se algún alumno/a alumnado non se pode conectar nese momento.

- **CONFINAMENTO INDIVIDUAL**

A profesora faralle chegar ao alumnado as explicacións e as tarefas correspondentes a ese período na Aula Virtual e no correo corporativo.

- **CASOS EXCEPCIONAIS DE ALUMANDO SEN CONEXIÓN**

Analizarase cada caso por separado e adoptaranse as medidas oportunas.

## 2-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DE SITUACIÓN DE CLASES SEMIPRESENCIAIS ou ONLINE

Avaliación e Cualificación	
Avaliación	<b>Procedementos:</b> Recompilación de materiais , valoración por escrito e análise das produción do alumnado.
	<b>Instrumentos:</b> Probas de execución de tarefas a través de vídeos didácticos de pro- cementos prácticos e traballos individuais monográficos.
Cualificación final	Os traballos, tarefas e actividades individuais realizados no tem- po de confinamento valorarase en un % acorde co tempo confina- do en comparación co tempo presencial. Ex: en caso de 1 trimes- tre confinados, valoraríase como 1/3 da nota final da materia.

## 3-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Metodoloxía e actividades	
Actividades	Recuperación, repaso e reforzo  <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Actividade de recuperación: con traballos monográficos dos contidos non superados.</li> <li>2. Actividade de repaso: con vídeos explicativos e apuntes teóricos sobre os contidos a traballar.</li> <li>3. Actividades de reforzo: con vídeos explicativos e apuntes teóricos sobre os contidos a traballar.</li> </ol>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todo o noso alumnado ten conectividade, polo que a metodoloxía a seguir é de : envío ao alumnado de materiais audiovisuais o teóri- cos e proposta de entrega a través das mesmas canles.</li> </ul> <p>A utilización de medios audiovisuais é o medio fundamental para intentar desenvolver no alumnado conduta autónoma e creative permitindo que sexan os/as protagonistas do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p>
Materiais e recursos	<b>Materiais:</b> Utilización de ordenadores de E-dixgal, apuntamentos, vídeos ti-

	<p>toriais.</p> <p><b>Recursos:</b>  Localización na rede de información e visualización de vídeos.  Recollida de información no entorno próximo.  Visualización en vídeo de execucións técnicas varias.</p>
--	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

#### 4- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

##### A) CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.

B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.

B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevenindo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes.

B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.

B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.

B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.

##### B) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES:

###### Competencia: MCCT

**EFB3.2.1.** Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.

###### Competencia: MCCT

**EFB3.1.1.** Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.

**EFB3.1.2.** Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes

###### Competencia: SIEE

**EFB1.4.1.** Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.

**Competencia: MCCT**

**EFB3.1.3.** Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.

**Competencia: CL**

**EFB1.6.3.** Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.

**EFB1.1.3.** Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.

**Competencia: SIEE**